

Martes, 13 de agosto de 2024

Núm. 157

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### VIGO

#### Subvencións e axudas

*CONVOCATORIA AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2024/2025*

*AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2024/2025. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.*

#### CONVOCATORIA

#### Bases reguladoras.

As Bases reguladoras das AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2024/2025 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do 03/05/2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 93 do 13 de maio de 2024.

#### Crédito orzamentario.

O importe total das axudas para conceder non excederá do límite de 1.427.700,00€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria n.º 2310.481.00.00 “Becas, libros, comedor” e, de ser o caso, ás outras aplicacións dispoñibles. Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento. Poderase incrementar o crédito inicial cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do exercicio anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 250.000 €.

#### Obxecto e destinatarios.

As bases aprobadas teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2024/2025.



Martes, 13 de agosto de 2024

Núm. 157

**Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

**Requisitos.**

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroadada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Servizo de Benestar Social).
- b) Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- f) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.
- g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€). No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (2023: 5.630,40€).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
3	1.407,60€	16.891,20€
4	1.876,80€	22.521,60€
5	2.346,00€	28.152,00€
6	2.815,20€	33.782,40€
7	3.284,40€	39.412,80€
8	3.753,60€	45.043,20€

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:0W3LJCG7QBUBK65HL



Martes, 13 de agosto de 2024

Núm. 157

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
9	4.222,80€	50.673,60€
10	4.692,00€	56.304,00€

**Instrución e resolución: órganos competentes.**

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Benestar Social. O órgano instructor incorporará un informe no que se acredite que, da documentación que ten no seu poder, despréndese que todos/as os/as beneficiarios/as cumpren os requisitos estipulados. A proposta de resolución para a concesión das axudas corresponderá ó órgano instructor previa avaliación da Comisión de Valoración. A Xunta de Goberno Local acordará conceder ou desestimar e crear a lista de agarda das axudas con cargo á aplicación e polo importe máximo sinalado nas Bases.

**Presentación de solicitudes e prazo.**

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 do a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación oficial da convocatoria.

**Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima ós/ás interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

**Solicitud e documentación.**

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia. Xunto coa solicitude achegarase a documentación establecida nas Bases.



Martes, 13 de agosto de 2024

Núm. 157

## Recursos.

Contra as Bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderanse interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

## Criterios de valoración e distribución das axudas.

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos ingresos dos compoñentes da unidade familiar de convivencia. No caso de acreditar unha deterioración significativa da capacidade económica da unidade familiar, a renda per cápita considerada será a correspondente ó primeiro trimestre do ano 2024.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dúas os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dúas cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

Nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar de convivencia.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederanse por maior número de membros da unidade familiar.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias.

1. Contía para libros e material escolar: 100,00€/ alumno/a.
2. A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 45€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 33€ por ter menos días lectivos. A diferenza, de existir, entre o prezo da praza de comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.



Martes, 13 de agosto de 2024

Núm. 157

## Publicidade.

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse na páxina web do Concello, no taboleiro de Anuncios e Editos e nos Centros de Servizos Sociais Municipais, con expresión do DNI/NIE/pasaporte do solicitante (ordenado numericamente)/ expediente/colexio/finalidade da axuda (libros, material escolar ou comedor ou ambas) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

\*

